

ANEXO IV

PLAN DE CONTINXENCIA

PLAN DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID-19 NO
CURSO 2020/2021

MODIFICADO A 8 DE NOVEMBRO DE 2020

CEIP PLURILINGÜE VIRXE DO CAMIÑO
32011901



ÍNDICE

<i>Contido</i>	<i>páxina</i>
ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓN DUN ABROCHO	2
1) Sospeita de síntomas previos no fogar	2
2) Sospeita de síntomas no propio centro	2
3) Deber da familia	3
4) Actuacións fronte aos diagnósticos positivos	3
ACTUACIÓNS PARA O PERIODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL	4
5) Funcións do profesorado, medios e canles	4
6) Alumnado con dificultades de conexión e falla de equipamento	5
7) Medidas para a avaliación do alumando	5
8) Medidas específicas do centro	5
MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL	11
9) Consideracións xerais	11
10) Medidas específicas (fases)	11
<i>ADDENDA: MEDIDAS ESPECÍFICAS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN</i>	14



ANEXO I. “PLAN DE CONTINXENCIA” (REVISADO E MODIFICADO A 8 DE NOVEMBRO DE 2020)

Contidos recomendados: (en todos os apartados pódense utilizar as medidas establecidas no protocolo xeral das consellerías de Educación e Sanidade adaptadas ao caso concreto do centro, ou a súa reprodución no Plan como recordatorio da súa obriga). Segundo os apartados 7 e 8, e o Anexo VI do protocolo de adaptación ao contexto da COVID 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021 que acompaña como anexo á resolución conxunta das Consellerías de Educación, Universidade e Formación Profesional e de Sanidade pola que se aproba o protocolo de adaptación ao contexto da covid-19 para o inicio do desenvolvemento da actividade lectiva no curso académico 2020/2021 nos centros de ensino non universitario de Galicia.

O Plan de Continxencia do CEIP Plurilingüe Virxe do Camiño ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun abrocho que supoña o cese da actividade presencial nun aula/etapa educativa/centro.

Este *Plan de Continxencia*, achégase como **Anexo I** ao *Plan de Adaptación á situación Covid-19 no curso 2020/2021* do CEIP Plurilingüe Virxe do Camiño. En calquera caso, estará suxeito ás revisións e modificación oportunas tendo en conta ás modificacións que publique a Administración.

ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓN DUN ABROCHO

<p>1) <i>Aparición de síntomas compatibles no fogar e/ou situación de illamento ou período de corentena domiciliaria</i></p>	<p>Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.</p>
<p>2) <i>Actuación ante a sospeita de aparición de síntomas compatibles no centro educativo.</i></p>	<p>a) Diante dunha persoa que desenvolva síntomas compatibles con Covid-19 no centro educativo seguirase o protocolo de actuación do centro previamente elaborado:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Colocaráselle unha máscara cirúrxica, levaráselle á sala de Covid destinada ao efecto ata a recollida por parte da familia. Esta disporá de adecuada ventilación, xel hidroalcohólico e papeleira con tapa de pedal. Será necesario contactar coa persoa responsable do manexo da Covid-19 no centro educativo e cos familiares ou titores legais. • A persoa que acompañe ao caso sospeitoso deberá levar o material de protección adecuado: <ul style="list-style-type: none"> ◦ máscara cirúrxica, se a persoa con síntomas a leva.



	<p>◦ De forma excepcional e no caso específico de que o/a alumno/a teña unha exención para o uso da máscara por xustificación médica ou é menor de 6 anos e non usa máscara, a persoa acompañante usará máscara FFP2 sen válvula (KN95), ademais dunha pantalla facial e unha bata desbotable. Na eventualidade de que non houberse dispoñibilidade de máscaras KN95, poderá utilizarse unha máscara cirúrxica xunto coa obrigatoriedade da utilización da pantalla. Se coincidisen no tempo máis dun caso con sintomatoloxía compatible coa Covid-19, os restantes casos agardarán acompañados por algunha persoa traballadora do centro educativo de preferencia nun lugar cuberto exterior ao edificio ou noutro lugar interior coa ventilación adecuada. A persoa que utilice a FFP2 deberá estar formada na utilización dos equipos de protección individual e no seu refugallo. O centro contará cun stock deste material para as situacións nas que se requira para a atención dun caso sospeitoso.</p> <p>b) Por parte da familia do alumno/a con síntomas ou da persoa con síntomas, débese chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.</p> <p>c) No suposto da aparición dun caso, nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na Covid-19, a petición dos servizos de saúde a través de EduCovid, incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a relativa aos contactos estreitos, dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen sexa persoa próxima vencellada ao centro educativo.</p>
<p>3) Deber da familia ante a aparición de sospeita de contaxio.</p>	<p>A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico.</p>
<p>4) Actuacións ante o diagnóstico da COVID-19 no caso da aparición do abrocho no centro.</p>	<p>a) Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid-19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte dun centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada gromo.</p> <p>b) A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación, a través do Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará ao equipo Covid do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.</p>



	<p>c) A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade.</p> <p>d) A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en coretena de polo menos 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto estreito.</p> <p>e) A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo, na Resolución conxunta, do 2 de novembro de 2020, da Secretaría Xeral Técnica e da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se aproba o Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021 e na Resolución da Secretaría Xeral 80 de Educación e Formación Profesional pola que se ditan instrucións para a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021 para o desenvolvemento de ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia da Covid-19, relativas ao ensino a distancia. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.</p>
--	--

ACTUACIÓNS PARA O PERIODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

<p>5) Funcións do profesorado, medios ou canles de ensino virtual e seguimento do alumnado.</p>	<p>a) O CEIP plurilingüe Virxe do Camiño conta coas seguintes plataformas virtuais, das que o profesorado poderá facer uso para o ensino a distancia:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Web oficial do centro: https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvirxedocamino/ • Aula virtual do centro: https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvirxedocamino/aulavirtual/ • Blog de Educación Infantil , Blog de Educación Primaria: https://educacionprimariarubia.blogspot.com/ • Blog da Biblioteca: https://abibloguetainclusiva.blogspot.com/ • Canle de YouTube: https://www.youtube.com/channel/UCCM_uYeNV1hCTK54fBQXenw?view_as=subscriber <p>b) O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual do centro educativo.</p> <p>c) O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado o ben os que poña a disposición a Consellería.</p> <p>d) O profesorado deberá adaptar os contidos e a metodoloxía á plataforma da aula virtual, podendo empregar diferentes recursos didácticos e TIC, que se adapten ás características do seu alumnado.</p>
--	--



	<p>e) Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma.</p>
<p>6) <i>Provisión para o alumnado con dificultades de conexión ou falla de equipamento.</i></p>	<p>a) O equipo COVID do centro, e no seu defecto a dirección do mesmo en colaboración co profesorado, identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión ou falla de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.</p> <p>b) Na medida do posible, o centro educativo poderá prestar ao alumnado que non poida asistir, e que se identifique como alumnado con falla de equipamento, aqueles equipos informáticos dos que dispoña, sempre e cando poida prescindir dos mesmos para a actividade ordinaria do propio centro e doutros alumnos que asistan ao mesmo.</p> <p>c) Sempre que sexa posible, o centro buscará alternativas para facer chegar ao alumnado con dificultades de conexión, recursos sobre os contidos que se estean impartindo.</p>
<p>7) <i>Medidas para os períodos de avaliación cando coincidan co tempo de suspensión da actividade lectiva.</i></p>	<p>Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.</p>
<p>8) <i>Medidas específicas do centro para os períodos de suspensión da actividade presencial</i></p>	<p>Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:</p> <p>a) O centro educativo facilitará o acceso ás plataformas virtuais para o ensino a distancia, así como aqueles recursos necesarios para o alumnado, polo que establecerá unha canle segura de transmisión ou envío.</p> <p>b) O centro educativo velará polo bo funcionamento do ensino a distancia durante os períodos de suspensión da actividade presencial, mantendo as plataformas acesas e buscando alternativas cando fosen precisas.</p> <p>c) A administración das plataformas virtuais do centro, estará a cargo da dirección do centro e/ou das persoas nas esta delegue dita función. As persoas encargadas da administración das mesmas velarán polo coidado do seu formato e corrixir, na medida das súas posibilidades, aquelas incidencias que se poidan producir.</p> <p>d) O profesorado, deberá comunicar ás persoas administradoras das plataformas virtuais ou á dirección do centro, calquera incidencia que estimen oportuna para facilitar e mellorar o acceso e o desenvolvemento do ensino non presencial a través das mesmas.</p> <p>e) Cada mestra/e será responsable de ter actualizados os contidos correspondentes ás súas materias e grupo de alumnas/os, por períodos mínimos correspondentes a unha semana.</p> <p>f) Cando sexa preciso facilitar recursos materiais ao alumnado, cada mestra/e deberá poñerse en contacto previamente coa dirección do centro, para facer chegar dito material pola canle establecida previamente.</p>



- g) O profesorado deberá manter periodicamente contacto telemático co alumnado ou cos seus familiares (responsables), preferentemente a través da plataforma ABALAR Móbil, do servizo Webex e en último caso a través de telefonía.
- h) No caso de ter que levar a cabo unha titoría cos familiares responsables dun/ha alumno/a, farase obrigatoriamente de xeito telemático, a través das canles e medidas establecidas no Plan de Adaptación á situación Covid-19 no curso 2020/2021 para este centro educativo, no seu apartado 39.
- i) O profesorado deberá enviar por correo electrónico á dirección do centro, un informe escrito, do seguimento do seu alumnado e dos contidos traballados durante o período de suspensión de actividade presencial. Neste informe farase constar as posibles incidencias e dificultades atopadas, as canles empregadas para o contacto e seguimento do alumnado, a resposta e implicación do mesmo ás propostas de traballo, e un breve resumo ou esquema dos contidos ou actividades levadas a cabo. A dirección do centro poderá establecer, dependendo da duración da suspensión da actividade presencial, os períodos de envío.
- j) En ningún caso, nos períodos de suspensión de actividade lectiva, o alumnado e as súas familias accederán ao interior do recinto escolar. A dirección do centro comunicará as canles máis seguras para a transmisión de información e comunicación, así como o envío de material e recursos. O persoal do centro poderá acceder ao recinto escolar, sempre que non se atope en situación de sospeita por síntomas ou de diagnóstico COVID-19, ou situación de illamento ou coarentena, e previo aviso e consentimento da dirección do centro.
- k) O claustro empregará a plataforma Webex para posibles reunións e coordinacións, das que se debe levantar a correspondente acta.
- l) As medidas de limpeza, hixiene e desinfección do centro, deberán seguir o protocolo establecido no Plan de Adaptación á situación Covid-19 no curso 2020/2021, a través do seu Anexo II, para o caso de suspensión de actividade presencial.
- m) A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación do Plan de Continxencia ante peches aprobado pola Resolución conxunta, do 2 de novembro de 2020, da Secretaría Xeral Técnica e da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se aproba o Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021, que desenvolve as medidas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia (*ANEXO I de dita Resolución*). Tendo en conta o Plan de ensino virtual no contexto Covid-19 establécense as seguintes medidas:
- o alumnado de 3º de primaria en adiante terá a obrigaçión de participar a través dos medios institucionais para o ensino a distancia, seguindo os seguintes “horarios espello” que serán publicados na Web do centro e naquelas



outras plataformas virtuais do mesmo que así se estime oportuno:

AULA AZUL (3º DE EDUCACIÓN PRIMARIA)

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
10:00 – 10:30	MATEMÁTICAS	CIENCIAS SOCIAIS	MATEMÁTICAS	CIENCIAS SOCIAIS	LENGUA CASTELLANA
10:30 – 11:00	CIENCIAS DA NATUREZA	MATEMÁTICAS	LINGUA GALEGA	MATEMÁTICAS	INGLES
11:00 – 11:30	EDUCACIÓN FÍSICA	INGLES	INGLES	RELIXION	EDUCACIÓN FÍSICA
				VALORES	
11:30-12:00	RECREO (DESCANSO)				
12:00 – 12:30	LENGUA CASTELLANA	MÚSICA	CIENCIAS DA NATUREZA	LENGUA CASTELLANA	LINGUA GALEGA
12:30 – 13:00	LINGUA GALEGA	PLASTICA	CIENCIAS SOCIAIS	LINGUA GALEGA	LENGUA CASTELLANA



HORARIO ESPELLO AULA VERMELLA (4º-5º-6º E. PRIMARIA)

HORAS/ SESIÓNS	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
10:00- 10:30	MATEMÁTICAS	INGLÉS	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS
10:30- 11:00	CIENCIAS SOCIAIS	MATEMÁTICAS 5º E 6º LENGUA CASTELLANA 4º	LENGUA CASTELLANA	LENGUA CASTELLANA	LENGUA CASTELLANA
11:00- 11:30	INGLÉS	INFORMÁTICA 4º E 6º LENGUA CASTELLANA 5º	EDUCACIÓN FÍSICA	EDUCACIÓN FÍSICA	INGLÉS
11:30- 12:00	RECREO (DESCANSO)				
12:00- 12:30	LINGUA GALEGA 4º E 5º CIENCIAS SOCIAIS 6º	PLÁSTICA	LINGUA GALEGA	REUXIÓN VALORES	LINGUA GALEGA
12:30- 13:30	CIENCIAS DA NATUREZA	MÚSICA	CIENCIAS SOCIAIS	LINGUA GALEGA	CIENCIAS DA NATUREZA



- Os mestres-titores de cada grupo-aula, así como os especialistas que imparten docencia nos mesmos, establecerán contacto telemático, seguindo os horarios espellos establecidos no parágrafo anterior, a través da plataforma Eduxunta/Webex, podendo empregar as súas salas persoais da mesma, facilitando a ligazón ao alumnado e ás súas familias. Tamén nos horarios establecidos atenderán as titorías ás familias e ao alumnado.
- O alumnado terá a obriga de asistir ao ensino non presencial mediante videoconferencia, e cumprirá o 40% restante do horario a través de traballo persoal, empregando os recursos facilitados polo profesorado a través da Aula virtual. A non participación nas videoconferencias establecidas nos horarios espellos por parte do alumnado, suporán faltas de asistencia.
- Para o alumnado con NEE, o departamento de Orientación, establecerá medidas específicas, de acordo ao establecido no Plan de ensino virtual no contexto Covid-19 (Adxúntase addenda: medidas específicas do Departamento de Orientación).
- A dirección do centro poderá aprobar, segundo as necesidades, e mediante acordo conxunto co Claustro de mestres, o emprego da plataforma Falemos de Eduxunta.
- O alumnado de Infantil, 1º e 2º de Primaria, poderán, de xeito voluntario, empregar a videoconferencia a través de Webex ou Falemos, previa comunicación coas familias, establecendo un horario habitual ou puntual, coa finalidade de levar a cabo un seguimento das aprendizaxes.
- Asemade, para favorecer a posta en marcha destas medidas, terase en conta os apartados 3, 4, 5 e 6 do Anexo I da Resolución conxunta, do 2 de novembro de 2020, da Secretaría Xeral Técnica e da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se aproba o Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021, que desenvolve as medidas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia: simulacións periódicas do emprego das plataformas virtuais institucionais co alumnado, información pertinente ás familias, actualización e concreción das necesidades en coordinación coa Inspección e



	formación permanente do profesorado.
MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL	
9) Consideracións xerais	Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de reactivación por fases para o reinicio da actividade lectiva. As fases establecidas para a reactivación son orientadoras, existindo a posibilidade de modificar tanto a súa duración como a porcentaxe do alumnado incluído en cada fase. O modelo a aplicar correspóndelle á Consellería de Educación co asesoramento da Consellería de Sanidade.
10) Previsión de medidas específicas establecidas polo centro.	<p>Sen prexuízo das medidas xenéricas establecidas no protocolo aprobado polas consellerías de Educación e Sanidade o centro ten previsto as seguintes fases de reincorporación:</p> <p>a. Fase 1 (Adecuación dos espazos, medidas e recursos)</p> <p>Duración: Aínda que pode ter unha duración variable, aconséllase que sexa dunha semana. Nesta primeira fase, previa ao reinicio da actividade, será o equipo COVID do centro quen estableza as actuacións a desenvolver, en colaboración coas autoridades sanitarias e educativas.</p> <p>Participación: Non asiste o alumnado. Só o persoal do centro.</p> <p>Obxectivos:</p> <ul style="list-style-type: none">• Análise da situación dos espazos e as súas necesidades.• Adecuada distribución do espazo do alumnado, distribuíndo os pupitres de forma que se consiga unha distancia de máis de 1 metro entre eles.• Redefinición dos circuítos de circulación interna.• Reorganización das quendas de recreo para que se realicen de forma graduada.• Reorganización das quendas para o horario da comida.



- Análise e reforzo de medidas específicas de seguridade, hixiene e desinfección. Revisión do protocolo de limpeza.
- Regulación dos contidos, adaptación da metodoloxía e reforzo das necesidades do alumnado.
- Flexibilización de horarios e recursos.
- Aproveitamento de recursos para a prevención, seguridade, limpeza, hixiene e desinfección.

b. Fase 2 (Formación de pequenos grupos en horario reducido)

Duración: 1 semana

Participación: Dado que no noso caso son aulas mixtas cun número moi reducido de alumnado. Cada día da semana alternaranse do seguinte xeito, só en horario de mañá*:

etapas	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
infantil	50% (grupo2)	50% (grupo1)	50% (grupo2)	50% (grupo1)	50% (grupo2)
primaria	A1.- 2º A2.- 4º	A1.- 1º A2.- 5º	A1.- 3º A2.- 6º	A1.- 2º A2.- 4º e 6º	A1.- 1º e 3º A2.- 5º

No suposto de que só afecte a un grupo-aula, comezarse alternando o 50% do alumnado de dito grupo. O alumnado que non asista ou participe de xeito presencial nas quendas asignadas, seguirá recibindo atención educativa e seguimento a través das plataformas virtuais/telemáticas establecidas polo centro ou no seu defecto, a través das alternativas que a dirección estime oportunas.

**O servizo de comedor estará supeditado ás medidas establecidas polas autoridades sanitarias i educativas. Poderase ofrecer dito servizo, sempre que se poidan asegurar as medidas de seguridade e hixiene.*

- Obxectivos:** Definiranse uns obxectivos que deben ser cumpridos pola aula para pasar de fase
- Formar ao alumnado na importancia das medidas de distanciamento físico, utilización de máscara e de hixiene de mans: Utilización do espazos e circulación do alumnado polos corredores do centro.
 - Formar ao alumnado nas medidas de distanciamento físico no recreo.
 - Informar ao alumnado das novas normas derivadas da pandemia no SARS-CoV-2



- Reforzar contidos relacionados coa Educación para a Saúde e de prevención e seguridade fronte ao COVID-19.
- Repasar contidos traballados durante o período de suspensión da actividade presencial.

c. Fase 3 (Reforzo das medidas aprendidas en pequenos grupos en horario completo)

Duración: 1 semana

Participación: Manterase a alternancia cada día da semana do seguinte xeito, en horario completo, mantendo os grupos-burbulla nos recreos e comedor:

etapas	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
infantil	50% (grupo1)	50% (grupo2)	50% (grupo1)	50% (grupo2)	50% (grupo1)
primaria	A1.- 1º e 3º A2.- 5º	A1.- 2º A2.- 4º e 6º	A1.- 1º e 3º A2.- 5º	A1.- 1º e 3º A2.- 4º e 6º	A1.- 1º-2º-3º A2.- 4º-5º-6º

No suposto de que só afecte a un grupo-aula, comezarse alternando o 50% do alumnado de dito grupo. O alumnado que non asista ou participe de xeito presencial nas quendas asignadas, seguirá recibindo atención educativa e seguimento a través das plataformas virtuais/telemáticas establecidas polo centro ou no seu defecto, a través das alternativas que a dirección estime oportunas.

Obxectivos:

- Establecer criterios claros de entrada e saída do alumnado de forma progresiva.
- Continuar coas medidas aprendidas na fase 2 cun número maior de alumnos.
- Reforzar contidos relacionados coa Educación para a Saúde e de prevención e seguridade fronte ao COVID-19.
- Restablecer e reforzar as medidas específicas e normas de seguridade, hixiene e desinfección propias do centro e do comedor.
- Repasar e reforzar os contidos traballados durante a suspensión da actividade presencial, e introducir paulatinamente novos contidos establecidos na programación.



d. **Fase 4 (Fase de reactivación)**

Duración: (1 semana en adelante). Na primeira semana compre manter grupos-burbulla incluídos os recreos e o comedor.

Participación: Retorno á actividade presencial da totalidade do alumnado, e en horario completo, con asistencia do 100% do alumnado en cada grupo-aula.

Obxectivos:

- Formar ao alumnado na importancia das medidas de distanciamento físico, utilización de máscara e de hixiene de mans.
- Reforzar contidos relacionados coa Educación para a Saúde e de prevención e seguridade fronte ao COVID-19.
- Restablecer e reforzar as medidas específicas e normas de seguridade, hixiene e desinfección propias do centro e do comedor.
- Retomar os contidos establecidos nas programacións.



ADDENDA: MEDIDAS ESPECÍFICAS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

O traballo durante o período de confinamento organizarase do seguinte xeito:

- As clases de ensino virtual serán un espello do horario das clases presenciais.
- O mestre de AL afín PT e a mestra de PT teñen agregados aos alumnos aos que lle imparten clase nas respectivas seccións de AL e PT.
- Ás familias de ACNEE (con dificultades na instalación da app para videoconferencias en portátiles e ordenadores) explicaráselles e axudaráselles a instalar nos seus teléfonos a aplicación de Cisco Webex, realizando simulacións para mostrar o seu funcionamento.
- O alumnado deberá conectarse nas distintas sesións de clase seguindo o horario entregado. A non conexión sen causa xustificada será considerada falta de asistencia, da cal se levará rexistro.
- En cada sección de PT e AL o traballo será organizado por semanas. En cada unha das semanas crearanse cinco cartafóis que se nomearán segundo o día da semana. Cada cartafol conterá os materiais cos que se traballarán ese día (fichas, enlaces a vídeos explicativos, pantallazos con explicacións das tarefas a realizar).
- A través de videoconferencias con Cisco Webex o profesorado de PT e AL impartirá docencia ao seu alumnado respectando os horarios e as porcentaxes establecidas na "Resolución da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional" para explicacións e traballo do alumno (60% e 40%).

Nas sesións nas que os apoios de PT e AL eran presencialmente dentro da aula, o profesorado de PT e AL colaborará cos titores no traballo de reforzo ao ACNEE, así como na elaboración de materiais para dar continuidade ao ensino virtual.

- Cada alumno realizará un pantallazo da tarefa rematada que enviará ao correo electrónico correspondente á titoría da súa aula. Cada titor/a enviará ao profesorado de AL/PT as devanditas tarefas para a súa corrección. Nas sesións con videoconferencia realizadas co ACNEE, comentaranse os erros cometidos, sen aludir en ningún momento á persoa que os cometeu. No suposto de que sexa de especial relevancia comentar algo específico cun determinado alumno/a, as videoconferencias serán realizadas individualmente para tal fin.



A comunicación por parte da orientadora coas familias e ACNEE levarase a cabo a través de Cisco Webex. Na aula virtual do centro no apartado de Orientación, familias e alumnado e profesorado poderán acceder na seguinte ligazón, <https://orientaemar.blogspot.com/>, a información de interese para solventar dúbidas e dificultades.

Todos os mércores, a través de Cisco Webex, realizaranse reunións co resto de profesorado para levar a cabo un seguimento do traballo realizado semanalmente así como o establecemento das propostas de mellora que se consideren necesarias.

Todos os venres os membros do Departamento de Orientación, enviarán á dirección do centro un rexistro (segundo modelo previsto para tal fin) onde farán constar o traballo desenvolto en cada semana, dificultades atopadas tanto no traballo como na comunicación co alumnado e familias. Nese mesmo informe farase tamén referencia ás faltas de asistencia do alumnado.

A continuación preséntanse os horarios dos especialistas en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe, incluíndo as reunións periódicas co D.O.



MESTRA: Dna. [REDACTED]. Mestra de Pedagogía Terapéutica.

NIEVES	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
10:00-10:30	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]
10:30-11:00	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]
11:00-11:30	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]
11:30-12:00	RECREO				
12:00-12:30	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]
12:30-13:00	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]
13:00-14:00			[REDACTED]		



MESTRE: D. [REDACTED]. Mestre de Audición e Linguaxe.

RUBÉN	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
10:00-10:30			[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]
10:30-11:00			[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]
11:00-11:30			[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]
11:30-12:00			RECREO		
12:00-12:30			[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]
12:30-13:00			[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]
13:00-14:00			[REDACTED]		

Nota: Os horarios dos especialistas (AL/PT) co alumnado NEE están ocultos nesta publicación pola de protección de datos. Ditos horarios serán comunicados de xeito individualizado.